

Mercedes Queixas Zas (A Coruña, 1968) publica en Laiovento unha achega completa sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano.

Piñeiro e a súa circunstancia

A autora é secretaria da Aelga desde 2005

LIBROS

ARMANDO REQUEIXO




Agora que andamos na recta final do ano ha de ser boa cousa facer balance do ronsel bibliográfico que deixou tras de si o vendaval das Letras Galegas do 2009, desta volta dedicadas á figura do pensador e intelectual de Láncara Ramón Piñeiro.

Como cada ano dende hai uns cantos lustros, foi moito o que se publicou a propósito da vida e a obra do autor homenaxeado. Mais, como sempre tamén, de entre todo o que veu luz só uns cantos traballos han quedar como gran na peneira do pasar do tempo.

Teño para min que “Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política”, da profesora coruñesa Mercedes Queixas Zas, é un deses volumes que resistirá futuras lecturas. E estou convencido diso porque na súa escrita van da man a amenidade de quen sabe expor con acuidade os feitos e os protagonistas dun tempo e dun lugar e mais o rigor e a profundidade analítica da estudosa sabedora.

En sete capítulos, precedidos dun breve exordio introdutorio, Queixas Zas pasa revista ao tempo de formación (1915-1936), á etapa de represaliado (1936-1949), aos anos do comezo da recuperación político-cultural (1950-1960), á década longa de asentamento dunha estratexia culturalista (1960-1975) e á etapa democrática de feraz produción escrita (1975-1990) de Ramón Piñeiro, unha figura sempre en claroscuro, decote a contraluz, só explicable dende a comprensión dun contexto sociohistórico, cultural e literario como o que lle tocou vivir e que tan atinadamente ilumina a autora desta obra, servíndose como fío condutor en moitas ocasións dos testemuños biográficos e das crónicas doutros persoeiros estritamente coetáneos, amais de empregar con proveito o máis escolleito da bibliografía pasiva que existía sobre o lugués.

De por parte, este libro enriquecese con outras achegas non menos meritorias, pois ten o acerto de incorporar un moi amplo “Apéndice documental” no que se



O libro editao Laiovento

RESULTADO

“Modélica monografía que convida a (re)pensar a poliédrica personalidade de Ramón Piñeiro”

“Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política”
Mercedes Queixas Zas
Laiovento / 13 euros

inclúen textos de e sobre Piñeiro que axudan grandemente a comprender o alcance e significación que a súa persoa tivo nas letras de noso.

Nos parágrafos limiares á obra, Queixas Zas aclaraba que as súas intencións foran “ofrecer, a quen con cautela curiosa a estas páxinas se achegar, un paseo que conxugue, canda o tempo cronolóxico, o modus vivendi et operandi do autor”. Non me cabe dúbida ningunha de que tal obxectivo se viu máis que

cumprido e que este “Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política” constitúe unha modélica monografía que convida a (re)pensar a complexa e poliédrica personalidade de Ramón Piñeiro.

